

## Aportacións da Educación Ambiental á conservación do Patrimonio Natural

Òscar Cid Favá

*Asesor da Comisión Española de Comunicación e Educación da U.I.C.N. Escola Universitaria de Turismo da Universidade Rovira i Virgili (Cataluña-España)*

### Introducción

As primeiras actividades de Educación Ambiental en Espazos Naturais Protexidos (ENP) en España tiveron lugar, case coetaneamente, no parque nacional de Doñana e no parque Natural do Montseny (Barcelona), a finais dos anos 70 do pasado século.

Tratábase, basicamente, de actividades para escolares, mediante itinerarios naturalísticos (*Nature trail*) e actividades interpretativas desenvolvidas, na maioría dos casos, por profesionais do ámbito da bioloxía e doutros afíns.

Coa chegada da democracia e coa asunción de competencias por parte das comunidades autónomas, prodúcese unha auténtica explosión de declaracións de ENP e créanse unha gran cantidade de equipamentos e de instalacións para a Educación Ambiental. O incremento exponencial da frecuentación nos ENP durante os anos 80 e na década dos 90 xerou a necesidade de analizar o uso público dos ENP como un aspecto fundamental da xestión. Así, incrementáronse notablemente as instalacións para atender os visitantes: centros de interpretación, centros de visitantes, aulas de natureza, centros de Educación Ambiental... As actividades de EA nos ENP multiplicáronse exponencialmente debido, fundamentalmente, ao interese institucional por facer rendibles os investimentos nos ENPs.

Este crecemento, en que interviñeron os diferentes niveis administrativos e os departamentos, viuse incrementado polas accións de formación para o emprego da poboación xuvenil local e, nalgúns casos, polo interese económico de

empresas privadas, que viron no grande número de visitantes dalgúns ENP unha potencial fonte de beneficios.

Este proceso, acelerado durante os últimos anos de bonanza económica, carece dunha falta de coordinación administrativa e da necesaria planificación e avaliación, que provoca un “cheo caótico” que distorsiona os auténticos obxectivos da Educación Ambiental.

Paralelamente, desde as diferentes instancias internacionais e os foros de debate especializados, prodúcense algúns documentos-chave<sup>1</sup> que clarifican e que reformulan os obxectivos da conservación: o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais; a preservación da biodiversidade; o uso de xeito sustentable das especies e dos ecosistemas.

As concepcións -da conservación e da educación- que se manexan e/ou que subxacen nas formulacións educativas para a conservación do patrimonio natural, foron evolucionando a medida que as experiencias, a reflexión teórica e, ante todo, a urxencia histórica dos problemas ambientais puxeron de manifesto a necesidade de reformular as distintas dimensións dos programas educativos.

Así, pois, achámonos ás portas dunha nova etapa na evolución da Educación Ambiental que se caracteriza pola necesidade de reorientar os seus obxectivos, de maneira que a educación poida contribuír ao desenvolvemento sustentable e o uso racional dos espazos naturais.

Os ENP deberán preguntarse cal é o seu papel neste proceso e orientar os esforzos educativos para enmarcalos dentro dos obxectivos para conseguir unha sociedade máis sustentable, superando as anteriores etapas:

1. Os ENPs como recurso para a Educación Ambiental
2. A Educación Ambiental como un instrumento de xestión dos ENPs
3. EA nos ENPs: cara ao desenvolvemento sustentable e o manexo prudente dos recursos naturais.

A nosa contribución neste relatorio límtase a intentar evidenciar algúns aspectos relevantes que, durante as tres últimas décadas, presentaron as reflexións e as actuacións en materia de Educación Ambiental relacionada coa conservación e coa xestión nos espazos naturais en España.

---

<sup>1</sup> Estratexia Mundial para a conservación. UICN, 1986

## A Educación Ambiental na Estratexia Mundial para a Conservación

---

A Estrategia Mundial para la Conservación foi elaborada pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza e dos Recursos Naturais (UICN), co apoio do Programa de Nacións Unidas para o Medio (PNUMA) e o World Wildlife Fund (WWF), en colaboración coa Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) e a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO).

O apartado 13 do devandito documento, *“Los puntos de apoyo de la conservación: participación y educación”*, contén as reflexións máis significativas en relación ao papel da Educación Ambiental na conservación:

- a) Os expertos coincidían xa na concepción dunha Educación Ambiental para o cambio ético e de comportamento que afectase a toda a sociedade.
- b) Facíase mención á necesidade de que os dirixentes e a poboación entendesen os beneficios da conservación e a súa relación coas “preocupacións cotiás”.
- c) Constatábanse dous tipos de problemas:
  - A escasa e a raramente adecuada participación pública nas decisións

relacionadas coa conservación e co desenvolvemento

- Aínda que se constatan progresos, a Educación Ambiental continúa a ser insuficiente

E incidíase nalgún dos problemas nucleares da Educación Ambiental para o uso *“...son numerosos e frecuentes os “berros” emocionais lanzados ás audiencias poderosas e tamén as explicacións didácticas sobre o funcionamento dos ecosistemas. Pero a defensa e mantemento dos sistemas ecolóxicos vitais e da preservación da diversidade xenética é a miúdo puramente anecdótica...”*

- d) O documento reflexiona sobre os “públicos-diana” *“...farán falta programas de Educación Ambiental dirixidos aos usuarios de recursos vivos (agricultores, pescadores, silvicultores, industrias, excursionistas...) e a outros grupos que poden provocar un impacto sobre os recursos vivos.*

*Será necesario, tamén, si o goberno non ve a necesidade de cumprir cos requisitos da conservación, facerlle chegar a información aos lexisladores ou aos responsables da toma de decisións...”*

- e) Menciona un aspecto estratéxico pouco común nos documentos e nas reflexións posteriores en relación coas oportunidades da Educación Ambiental

para a conservación: *“...Hay que sacar provecho de las circunstancias en las que es obvio que las decisiones a favor de la conservación son muy favorables dentro del período de tiempo que interesa a los legisladores y los responsables...”*

f) O documento analiza, tamén, unha cuestión chave no desenvolvemento posterior da Educación Ambiental nos espazos naturais cal é a necesidade de adecuar as actuacións aos diferentes actores: *“Os organizadores dos programas educativos deberían determinar os principais grupos destinatarios destes programas, definir obxectivos concretos para os programas e seleccionar os medios e as técnicas máis axeitadas relacionadas cos grupos de destinatarios :*

- *lexisladores e administradores*
- *responsables do desenvolvemento da industria e o comercio e dos sindicatos*
- *asociacións profesionais e grupos con intereses particulares*
- *comunidades máis afectadas polos proxectos de conservación.*
- *escolares e estudantes”*

g) Propón a acepción dunha Educación Ambiental en positivo, que mostre os exemplos de boas prácticas e que promova as prácticas de excelencia: *“...tamén fai falta unha recopilación de casos específicos de proxectos que*

*fan tendo éxito na conservación e no desenvolvemento sostible.”*

h) Introduce a necesidade de integrar a Educación Ambiental na xestión: *“Os programas educativos terían que formar parte, ata donde sexa posible, de todos os proxectos de conservación e aproveitamento dos recursos...”*

i) Afronta o papel da Educación Ambiental no sistema educativo formal: *“Os programas escolares deberían contemplar a Educación Ambiental tanto como tema transversal como en calidade de materia aparte (sic) ...fará falta preparar un material didáctico de coste reducido...”*

*“...explicar os conceptos e obxectivos da conservación facendo servir os exemplos locais...”*

*“...será necesaria unha avaliación periódica de todo o material didáctico...”*

*“...a EA debería ser un elemento importante das actividades extraescolares...”*

*“...deberá formar parte das actividades dos grupos xuvenís...”*

j) Dedicar un apartado a sinalar a importancia dos medios de comunicación como canles de difusión dos principios e os obxectivos da conservación *“...os distintos medios de comunicación de masas deberían ser utilizados íntegramente para chegar ao público en xeral...”*.

Introduce, también, la necesidad de utilizar los recursos del entorno y la creación de equipamientos específicos para la Educación Ambiental: *“...sería útil aprovechar las oportunidades de contacto público con la fauna e flora —parques nacionales e zonas protegidas, jardines zoológicos e botánicos, museos de historia natural— para explicar los objetivos de conservación e a súa contribución á supervivencia e ao bienestar humanos...”*  
*“...fará falta reservar lugares determinados para a aprendizaxe, a demostración e a educación en materia de ecoloxía e de conservación....”*

- k) Incide na necesidade de desenvolver actuacións específicas: *“Hai determinados temas relacionados cos recursos vivos que demandan unha publicidade máis ampla ( especies introducidas...) e vincula a conservación cos obxectivos do desenvolvemento sostible. Será necesario tamén conseguir unha comprensión maior e un apoio máis decidido para o concepto de aproveitamiento sostido (sic)...”*
- l) Denuncia a falta de programas continuos en Educación Ambiental: *“...as diferentes campañas e programas non deberían ser considerados como unha finalidade en sí mesmos sinón como unha parte dun proceso interactivo a longo prazo...”*
- m) Señala a necesidade dunha Educación Ambiental baseada nas percepcións das persoas máis que no coñecemento dos

expertos: *“...os individuos sentiranse máis inclinados a esixir a conservación si se perciben a contribución que esta pode prestar á satisfacción das súas necesidades, tal como eles mesmos as sinten, como tamén a solución aos seus problemas, tal como os ven”.*

## A Educación ambiental nos Espazos Naturais Protexidos Españóis

---

No ámbito español, desde as II Xornadas de EA realizadas en Valsain (GENEAM) en 1987, constituíronse os seminarios permanentes de Educación Ambiental co obxectivo de realizaren un traballo permanente de coordinación e de intercambio nos períodos entre cada unha das xornadas. Un deles dedicouse á EA nos ENP.

Tamén durante a década dos 90 o tema foi tratado de forma específica en diversas xornadas de ámbito autonómico (Cataluña, País Vasco, Galicia..) e publicáronse algúns monográficos sobre o tema.

A documentación producida nestes eventos xunto coas conclusións dun proxecto de investigación do autor<sup>2</sup> constitúen a base

---

<sup>2</sup> “Comunicación y Educación en espacios naturales protegidos: el caso de los humedales Ramsar españoles”. Universidad de Gerona. Programa Interuniversitario de Doctorado en Educación Ambiental. Óscar Cid, 2005

documental sobre a que elaboramos esta segunda parte:

### **Que Educación Ambiental para os ENP? Unha reflexión crítica sobre a situación actual**

A maioría dos ENPs son receptores de escolares procedentes da súa propia comunidade ou dun territorio máis extenso aínda que aínda, paradoxicamente, se dan situacións en que non participa a poboación escolar máis próxima, dos propios núcleos rurais onde se sitúa o espazo natural.

Na actualidade, practicamente todos os ENPs teñen planificado o uso público e contan con centros de visitantes para atender, como o seu nome indica, os visitantes de fin de semana, con obxectivos máis ben recreativo-turísticos.

En xeral, os programas de Educación Ambiental, quer os dirixidos á poboación escolar quer aos visitantes adoitan centrarse nunha “lectura do medio” con certos alicientes lúdicos e recreativos.

A fala do medio, da súa flora e da súa fauna, dos seus valores naturais ou ecolóxicos,.. mais non é moi frecuente achar actuacións que consigan capacitar para seren persoas críticas, que saiban analizar os problemas, as súas consecuencias e a necesidade de actuar individual e colectivamente na súa resolución.

Aínda que os diversos documentos internacionais recoñecen a importancia das poboacións locais en e o desenvolvemento de proxectos que impliquen un ENP, a realidade é que na maioría dos programas de Educación Ambiental nos ENP, a poboación local segue a ser a última en se decatarse dos proxectos e en ser a destinataria dos programas. Todo iso contribúe a que sigan a ser frecuentes os conflitos coa declaración, coa planificación e coa xestión dos ENPs.

Nos casos en que se tenen conta a poboación local, os programas desenvolvidos adoitan ir encamiñados, polo xeral, ás compensacións económicas en concepto de danos a cultivos, de gandaría... para incentivar as modificacións nas prácticas agrícolas etc. ou ben son programas de Educación Ambiental semellantes aos dirixidos ao resto de público. Raramente achamos unha formación que lles permita obter a capacidade para participar na xestión sustentable do territorio así como a aprendizaxe do diálogo, o consenso e a toma de decisións.

Así pois, é necesaria unha clarificación conceptual sobre as finalidades da Educación Ambiental nos ENPs que nos axude a decidir cuestións tales como:

- que educación é necesaria nos ENPs
- cales deben ser os seus destinatarios
- que relación debe existir entre os programas educativos e a xestión do ENP

- que obxectivos persegue a Educación Ambiental nos ENPs
- que contidos son relevantes para os programas de EA nos ENPs
- que tipo de prácticas, de técnicas e de metodoloxías son as máis adecuadas para conseguir os obxectivos en cada programa
- que recursos e que estratexias poden favorecer o desenvolvemento dos programas de EA en ENP
- como planificar e programar as actividades de EA nos ENPs
- como, cando e para que avaliar as nosas prácticas

En todo caso, faise imprescindible unha revisión da propia concepción do ENP, que foi evolucionando desde unha percepción como “santuario protexido” ao que había que protexer tamén do acceso das persoas, a excepción do mundo científico e dalgúns naturalistas privilexiados.

Hoxe en día admítase como necesaria a compatibilización entre a conservación dos recursos naturais co gozo dos visitantes e co desenvolvemento socioeconómico da zona.

Por tanto, os programas educativos nos ENPs deben ir orientados á procura de beneficios para o espazo -por medio dun uso cada vez máis racional deste- mais tamén para as persoas que o habitan -integrando o desenvolvemento local nas actuacións educativas- e as que o visitan -proporcionándolles experiencias enriquecedoras e significativas.

## **Características da Educación Ambiental nos espazos naturais protexidos**

Pola súa propia natureza, os espazos naturais foron o punto de partida ou de inspiración de moitas das actividades que se realizaron no campo da Educación Ambiental tradicional no noso país.

Moitas destas actividades non responden a ningún programa e límitanse, frecuentemente, a aspectos moi simplistas da realidade ambiental, centrándose na divulgación das características físicas ou biolóxicas dos espazos naturais sen ter en conta as demais dimensións: sociais, culturais, económicas, políticas...

Moi a miúdo aparecen, tamén, tópicos subxacentes nos contidos que se transmiten (“a natureza é boa, os humanos son malos”) e utilízanse esquemas explicativos maniqueístas que desembocan nunha visión distorsionada da realidade: asimílase o concepto de medio ao de conservación da natureza; impútase a degradación unicamente á industria que a xera e á Administración que a tolera...

Un coñecemento dos valores naturais dun espazo baseado só en determinados hábitats illados, de especial interese, conduce a unha perspectiva pouco holística, que ignora a articulación dos sistemas complexos e os efectos dunha

visión liberalizadora da planificación territorial.

## Os obxectivos da Educación Ambiental nos ENPs

Os programas educativos nos ENPs deberían estar orientados a:

- a procura de beneficios para o espazo, por medio dun uso cada vez máis racional deste
- a procura de beneficios para as persoas que o habitan, para integrar o desenvolvemento local nas actuacións educativas
- a procura de beneficios para as persoas que o visitan, para lles proporcionándolles experiencias enriquecedoras e significativas
- a educación para a conservación da biodiversidade
- dar a coñecer a xestión da área

Para iso é fundamental a implantación de programas coherentes e permanentes que se baseen nos seguintes principios:

- nun enfoque holístico da problemática ambiental
- nun contido transdisciplinario
- no fomento da participación e do espírito crítico
- na focalización nos problemas ambientais
- na orientación á asunción de compromisos

- nuns enfoques sistémicos
- na realidade social do espazo
- na promoción da confianza
- na incitación da investigación
- na orientación cara a acción

Como liñas estratéxicas básicas de actuación en materia de EA nos ENPs cremos imprescindible a incorporación dos seguintes criterios:

- a) incorporación, na Educación Ambiental e na xestión dos espazos naturais, dos intereses e dos patróns culturais de ocupación do territorio das poboacións locais
- b) potenciación das metodoloxías de avaliación das entidades e dos programas de Educación Ambiental
- c) mellora da difusión social dos programas de Educación Ambiental nos ENPs
- d) incorporación dos programas de Educación Ambiental sobre os aspectos máis problemáticos da conservación dos ENPs dirixidos aos actores pertinentes
- e) fomento da Educación Ambiental vinculada ás actividades de turismo rural, camiñada...
- f) integración nos contidos de Educación Ambiental da interpretación da paisaxe, dos diferentes elementos que o compoñen (poboación local incluída, historia cultural e social...) así como do seu dinamismo



- g) incorporación nos programas de Educación Ambiental dos modelos avanzados de xestión que entenden o territorio como unha globalidade e non como un conxunto de “illas de natureza” (os ENPs) protexidas e interconectadas
- h) integración das variables políticas, sociais e económicas así como da planificación do territorio nos programas de Educación Ambiental
- i) implicación das administracións no mantemento dos valores e das funcións dos ENPs, para promover o seu coñecemento exhaustivo e para compatibilizar o desenvolvemento local coas necesidades de protección
- j) integración da Educación Ambiental en todas as accións que se desenvolven no ENP
- k) potenciación da Educación Ambiental como un instrumento de xestión dos ENPs
- l) potenciación dunha Educación Ambiental nos ENPs que supere as prácticas baseadas na educación naturalista
- m) potenciación da formación específica e continuada do educador ambiental en ENPs

No ámbito das actividades dos escolares nos ENPs, estas comezarán nos propios centros educativos, de maneira que a visita ao espazo se poida converter nunha experiencia de calidade.

Coa axuda dos materiais e dos recursos proporcionados polo ENP e da consulta en páxinas webs, os alumnos e as alumnas prepararán a súa visita de maneira que se sintan os seus protagonistas e non a consideren unha actividade preparada polo profesorado.

Así mesmo, a programación da actividade contemplará as cuestións pos-visita, que deben culminar o proceso de achegamento ao ENP.

Un aspecto para considerar é a relación que debemos establecer entre a visita ao ENP e a vida cotiá do alumnado, co fin de relacionar os obxectivos de sensibilización ambiental coa necesidade de mudar as nosas actitudes e as nosas condutas cotiás de cara á consecución dun modo máis sustentable nos nosos estilos de vida.

Por último, deberemos relacionar os obxectivos da actividade no ENP cos obxectivos e cos contidos do currículo do nivel educativo pertinente para evitarmos converter a visita ao ENP nunha anécdota no calendario escolar.

### **Sobre as relacións entre a educación e a xestión dos espazos naturais protexidos**

Un dos efectos máis inmediatos a partir da declaración dun ENP é o incremento

exponencial das visitas a este. Por iso, é necesario que estean ben definidos e ben planificados os programas educativos ANTES DA DECLARACIÓN para evitar un uso non específico da área ou unha masificación non desexada.

A EA debe constituír un instrumento de xestión do ENP e debe estar integrada en todos os seus instrumentos de planificación: desde o PORN, o PRUG e ata os programas educativos.

Os programas educativos que se desenvolvan nun ENP deben ser PERTINENTES, COHERENTES E EFICACES. Para iso é necesario avaliar permanentemente, quer os resultados obtidos quer os procesos mediante os que se foron tomando as decisións.

A xestión e a educación no ENP deben compartir os obxectivos: a educación debe dar a coñecer a xestión da área e a xestión debe ser educativa. A educación non debe constituír un apéndice da xestión senón que debe estar imbricada nesta. É necesario definir os obxectivos para a EA no ENP no mesmo momento en que se formulen os obxectivos de conservación.

O desenvolvemento exponencial de ENPs nos últimos anos no noso país, provocou un “cheo caótico” de actividades supostamente educativas que, aínda coa mellor das intencións, poden caer nalgúns riscos constatados como:

- a sobrevaloración do anecdótico sobre o transcendente (a conservación dos recursos da biosfera)
- a insistencia nos valores naturais de ámbitos privilexiados concretos ignorando o resto do territorio (a “síndrome ENP”)
- a ausencia de contidos sociais
- a predominancia do descritivo-funcional sobre o ecolóxico-conservador (a EA non é neutra)
- o perigo da turistización e do ciceronismo
- a insuficiencia metodolóxica: COÑECER, COMPRENDER E ACTUAR

***“O obxectivo esencial da educación ambiental nos espazos naturais protexidos é que o espazo se explique e se xustifique a si propio, de maneira que a importancia da conservación quede clara para as persoas que o habitan e para as que o visitan”***

(Seminario Permanente de Educación Ambiental en los Espacios Naturales Protegidos, 1994)

A falta de experiencia na xestión de ENPs e as súas concepcións tradicionais dificultaron o desenvolvemento dunha xestión moderna e eficaz que incorpora o uso dos instrumentos sociais -comunicación, educación, participación...- para conseguir os obxectivos. Algúns dos erros de xestión nos ENPs, en relación á súa función educativa, son:

- normalmente, pénsase na Educación Ambiental “a posteriori”, como un servizo do ENP destinado á difusión e á atención de demandas do público escolar
- existe o hábito xeneralizado de non proporcionar aos habitantes da área protexida unha comprensión dos obxectivos e das tarefas de conservación e de non os facer partícipes da planificación do novo desenvolvemento da zona
- son escasos os programas de EA dirixidos especificamente á poboación local. Estes programas deberían aplicarse antes da declaración do ENP
- as declaracións de ENP adoitan ter un grande efecto no incremento do turismo e da frecuentación indiscriminada, mais o visitante adoita rematar a súa visita sen comprender o sentido do que viu
- actualmente, a oferta de EA nos ENP límitase á organización de actividades para escolares, a miúdo pouco específicas do espazo natural en cuestión, masificadas e mal localizadas
- a inestabilidade e a precariedade dos equipos de EA e o exceso de iniciativas (locais, INEM...) crean un “cheo caótico” de actividades pouco coherentes, sen planificación...

## A Educación Ambiental como un instrumento de xestión: a proposta das “Orientacións para planos CECOP en zonas húmidas españolas”

---

O documento “Orientaciones para planes CECOP en humedales españoles”<sup>3</sup> presentouse en setembro de 2005 e constitúe unha proposta de deseño de planos de acción, específicos para cada zona húmida, en materia de comunicación, educación, concienciación e participación, orientados a facilitar e a mellorar a xestión para o uso sustentable das zonas húmidas españolas. Foi elaborado coa participación de xestores, educadores, decidores da Administración, expertos e investigadores que, durante dous anos, asistiron ao denominado “Seminario español CECOP de Ramsar”, facilitado polo Ministerio de Medio.

### Que é un plano de CECOP?

O Plano de CECOP (*Comunicación, educación, sensibilización e participación*) é un instrumento ao servizo da xestión das zonas húmidas, e o seu obxectivo é a conservación da zona húmida e o seu uso racional. Ten un carácter horizontal e procura o establecemento de procedementos para a comunicación,

---

3 Pódese consultar en [www.mma.es](http://www.mma.es)

a educación, a concienciación e a participación, para lograr programas de traballo continuo.

Facilita a definición da política informativa, de comunicación, formativo-educativa, de investigación e participativa sobre as zonas húmidas. Define como destinatarios aqueles implicados directa ou indirectamente no uso e na conservación da zona húmida, non só os escolares ou os visitantes externos. É, por tanto, unha parte integrante do plano de uso e de xestión; debe formar parte da política da zona húmida. A responsabilidade do seu deseño e da súa aplicación corresponde ao equipo xestor do espazo, que debe traballar conxuntamente cos profesionais responsables da súa realización.

Os obxectivos do plano son:

1. Propor unhas liñas directoras para a creación de procedementos e de actividades dentro do ámbito de CECOP en zonas húmidas
2. Pór en relevancia os instrumentos CECOP e amosar a súa utilidade

A aplicación dun plano CECOP mellora e achega diversos beneficios á xestión da zona húmida:

- proporciona cohesión no desenvolvemento de actividades CECOP de zonas húmidas

- mellora a conexión entre a acción educativa e as tarefas de xestión
- facilita o labor dos xestores en materia de uso público ante a escaseza de planos de uso público na maioría das zonas húmidas
- aumenta a eficacia das iniciativas educativas e de participación pública
- dota os educadores de instrumentos comúns de traballo
- para conservar a integridade ecolóxica e o uso racional das zonas húmidas. Para iso, é necesario facer chegar á sociedade a mensaxe de que as zonas húmidas constitúen un capital natural e cultural

Se seguimos as directrices no marco das resolucións Ramsar é recomendable cando:

- o compromiso activo é esencial para a xestión (cando está habitado ou é de propiedade privada)
- o acceso aos recursos naturais é esencial para o benestar da poboación
- a poboación gozou historicamente de dereitos sobre o espazo
- os intereses locais son afectados e as decisións que hai que tomar son complexas
- a xestión fracasou no seu intento por lograr o uso racional dos recursos
- algún dos problemas que padece son causados fóra do seu marco territorial/competencial e por axentes aparentemente externos

Os principios básicos que inspiran o Libro Branco da EA, e que por extensión se adoptan no presente plano español de CECOP nas zonas húmidas, poden sintetizarse en:

1. Implicación de toda a sociedade. En especial, o que fai referencia a que a EA *“...debe xerar nas persoas conciencia da súa capacidade para intervir na resolución dos problemas...”*.
2. Adoptar un enfoque amplo e aberto que incorpore *“...os distintos puntos de vista sobre os conflitos e sopesar os diversos factores que inflúen neles, incluíndo os aspectos sociais, culturais e económicos, así como os valores e sentimentos da poboación”*.
3. Impulsar a participación, para favorecer a aplicación práctica das aprendizaxes a través de accións orientadas a solucionar problemas concretos.
4. Incorporar a educación nas iniciativas de política ambiental para contar coas poboacións a que van dirixidas as actuacións e para os facer participes dos procesos que conducen á adopción de medidas.

### Diagnóstico e propostas para o desenvolvemento de planos CECOP

O documento parte dun diagnóstico sobre a evolución das actividades educativas nas zonas húmidas nos últimos anos e realiza unha análise histórica desta, ao

observar que este tipo de actuacións en materia de educación nas zonas húmidas *“responden prioritariamente a obxectivos de divulgación, a través de actuacións dirixidas preferentemente á poboación escolar, xuvenil, ou ben ao denominado “público en xeral”*.

Os contidos máis frecuentes destas actuacións adoitan ser de tipo descritivo e pouco relevantes para os intereses dos seus destinatarios, a miúdo están desconectados dos obxectivos da xestión e están deseñados sen considerar a especificidade dun tipo de ecosistema tan particular como é o das zonas húmidas.


Unha situación posta de manifesto a partir da análise das actividades e dos destinatarios dos programas educativos nas zonas húmidas é a de que os educadores ambientais adoitan traballar con actores que nada ou que pouco teñen que ver cos problemas da zona húmida. É ilustrativo o gráfico elaborado a partir dos exercicios realizados nos seminarios.

### Instrumentos

---

Para o desenvolvemento dos planos CECOP, describíense catro tipos de instrumentos:

- información e comunicación
- formación e capacitación
- investigación
- participación



Cadro: Comparación do esforzo educativo e os actores nos humedais españois. Exercizo do Seminario CECOP Ramsar

Para cada instrumento propóñense diversas accións dirixidas aos diferentes actores que inflúen sobre a zona húmida. Estes instrumentos deberían utilizarse de maneira que se reforcen mutuamente, sen descoidar ningún, xa que diso dependerá o correcto desenvolvemento de cada plano.

Os instrumentos e as accións que se formulan concíbense de maneira que sexan aplicables a calquera zona húmida española. Proponse, non obstante, que os responsables da xestión de cada espazo detecten e determinen os actores máis decisivos, máis relevantes ou con máis influencia sobre a conservación e o uso

racional dos recursos e establezan as prioridades de participación. Así mesmo, ofrece unha lista non exhaustiva dos posibles actores nunha zona húmida:

1. **Decisores:** administracións con competencias directas sobre a xestión das zonas húmidas
  - convenios, institucións e normativas internacionais
  - Administración estatal
  - Administración autonómica
  - Administración local
2. **Propietarios e usuarios directos:** os que teñen intereses e dereitos directos sobre a zona húmida

- propietarios de terras, de vivendas e doutros bens inmoables
  - propietarios de empresas turísticas e doutro tipo
  - usuarios locais e foráneos: agricultores, regantes, gandeiros, colectores, pescadores, mariscadores, cazadores, artesáns, empregados de actividades turísticas, transportistas, turistas e visitantes ou artistas
3. **Posuidores ou depositarios do coñecemento e da cultura tradicionais:** persoas con coñecementos sobre o uso e a xestión tradicionais do medio e as que practican as manifestacións da cultura tradicional
  4. **Outros actores na cunca e fóra dela:** tamén operan no territorio, mais cunha vinculación de tipo profesional. Trátase de actores que non son tan activos na comunidade como os anteriores, mais que tamén exercen unha notable influencia. Tamén se inclúen aquí todos aqueles que afectan á calidade e/ou á cantidade da auga da zona húmida mediante intervencións en calquera lugar da cunca
  5. **Organizacións:** asociacións locais de desenvolvemento, grupos de interese, igrexas ou grupos relixiosos, fundacións, corporacións, sindicatos, cooperativas, ONG etc.
  6. **Medios de comunicación:** radio, televisión e prensa a nivel local rexional e nacional; sitios na web, taboleiros de anuncios e/ou publicitarios

7. **Centros de ensino e investigación,** a nivel básico, secundario e universitario, incluído os institutos de formación profesional
8. **Poboación en xeral**

Para cada un dos instrumentos que se propoñen, descríbense os obxectivos, os actores implicados e algunhas das posibles accións para desenvolver co fin de asegurar a conservación e o uso racional dos recursos da zona húmida.

Reflectimos, como exemplo, as propostas arredor dun dos instrumentos –a información e a comunicación– e para un dos grupos de destinatarios: os decidores.

## Información e comunicación

---

**Información:** é dar a coñecer os feitos, as situacións ou os procesos, para os facer chegar aos destinatarios dun xeito que sexa comprensible para eles (sistemas unidireccionais)

**Comunicación:** é a información que procura xerar unha determinada actitude, provocar unha reacción ou motivar un determinado comportamento nos destinatarios, ao ofrecer uns argumentos ou unhas valoracións en apoio dunha determinada posición (sistemas bidireccionais)

### **Obxectivos:**

- Introducir a imaxe corporativa, o selo de identidade das accións de CECOP en xeral, e de quen as promove
  - Dar a coñecer os valores e as funcións da zona húmida, así como as posibilidades, os beneficios (ecoservizos) do seu uso racional. Isto levarase a cabo mediante o deseño dos materiais necesarios para a súa difusión
  - Conseguir unha determinada actitude e un comportamento nos usuarios a respecto do uso sustentable dos recursos das zonas húmidas
  - Pór en marcha un proceso de interacción e dar a coñecer as canles de participación
  - Detectar as canles informais de información e analizar as súas potencialidades e a posibilidade de facer uso deles
- Inventariar e avaliar os recursos que sirvan para asegurar a sustentabilidade da zona húmida (equipamentos, redes, ONG ou liñas de investigación) e difundilos
  - Realizar seminarios informativos sobre a zona húmida e sobre os temas que soliciten os interesados directos
  - Iniciar (ou manter activos cando xa existiren) foros e páxinas web sobre o plano CECOP, con persoal de mantemento que, ademais, actúe como dinamizador
  - Divulgar os resultados da avaliación e a reorientación do plano CECOP
  - Outras, que determine a realidade de cada zona húmida

### **Accións:**

#### *1. Por parte dos decisores:*

- Difundir o plano CECOP e facilitar os recursos humanos, financeiros e de apoio institucional para a súa implementación
- Reconsiderar o uso dos recursos dispoñibles á luz do plano CECOP, para asegurar que estes se destinan aos actores con máis influencia sobre a conservación e uso racional da zona húmida
- Garantir, facilitar e promover o acceso á información dispoñible sobre a zona húmida

## **Para rematar**

O contraste das achegas dos documentos que analizamos permítenos deducir, polo menos, dous enfoques diferentes que, ao meu entender, reflicten o estado actual do debate arredor da Educación Ambiental para a conservación do patrimonio natural, cuxos trazos distintivos intento sintetizar no cadro que segue:

Para concluír, propoño algúns retos que a Educación Ambiental, no ámbito que analizamos, deberá afrontar nos próximos anos... e unha cita:



## 10 retos para a Educación Ambiental en relación coa conservación do patrimonio natural

1. A identificación do patrimonio natural coas áreas protexidas. O esquecemento dos espazos naturais non protexidos e a trama da biodiversidade.
2. A priorización dos obxectivos de sensibilización da sociedade, en xeral, versus a necesidade de capacitar

os axentes decisivos para a xestión participativa e para o uso racional.

3. O divorcio entre os programas de educación e de comunicación por un lado e a xestión do patrimonio natural por outro.
4. A predominancia das mensaxes orientadas á mudanza da conduta individual dos cidadáns -que, maioritariamente, non teñen ningunha posibili-

	A EA como recurso	A EA como instrumento de xestión
Ámbitos de intervención preferente	Áreas protexidas	Espazos naturais en xeral
Destinatarios preferentes	Escolares Público en xeral	Actores decisivos Interesados directos
Finalidades das actuacións educativas	Conseguir cambios de conducta individuais, a partir do coñecemento e comprensión do funcionamento dos sistemas naturais	A EA é un instrumento máis para xestionar e conseguir un uso racional dos recursos naturais. Por sí mesma non pode conseguir cambios de conducta duradeiros
Obxectivos	Sensibilización	Capacitación para a xestión Promoción de condutas proambientais
Contidos relevantes	Funcionamento dos ecosistemas	Conservación e desenvolvemento sostible Uso racional
Actividades prioritarias	Itinerarios Interpretación	Accións planificadas e vinculadas á xestión. Comunicación persuasiva Voluntariado
Concepción dos espazos naturais	Santuarios "naturais"	Escenarios sociais
Concepción da xestión dos espazos naturais	Enfoque técnico Xestión de flora e fauna Conservación	Enfoque social Xestión de intereses, conflitos... Sostenibilidade
Concepción dos educadores ambientais	"Misioneiros"	Profesionais
Concepción do ambiente	Natureza = medio ambiente	Concepción holística do medio ambiente
Concepción da urxencia histórica	Os escolares cambiarán o mundo, mañá	Non hai tempo. Probablemente os escolares, mañá, actuarán igual que nos hoxe

dade de intervención na xestión do patrimonio natural- en detrimento dunha acción orientada a mellorar a súa xestión colectiva.

5. A concepción da Educación Ambiental como un apéndice da xestión para divulgar os valores dunha natureza prístina, versus a potenciación da participación social e da xestión de conflitos.
6. A concepción “técnica” da conservación fronte á visión dos espazos naturais como escenarios sociais.
7. A concepción non específica da poboación local, versus a segmentación dos públicos, un obxectivo que teña en conta as percepcións, as preocupacións e os intereses dos distintos actores.
8. O reduccionismo inherente nunha visión da EA limitada á implementación dos equipamentos e dos programas (máis equipamentos que programas) nas áreas protexidas, fronte a unha comprensión global dos actores e das problemáticas asociadas á conservación do patrimonio, dentro e fóra das áreas de interese natural.
9. A vinculación dos contidos dos programas de Educación Ambiental para a conservación do patrimonio natural coas preocupacións cotiás da cidadanía.

10. - A necesidade de incorporar nos programas educativos orientados á conservación do patrimonio natural unha estratexia avaliativa que permita o contraste da eficacia, da pertinencia e da coherencia destes.

### A cita:

*“Necesitamos tener en cuenta los puntos de vista de los interesados, intentar comprender sus motivaciones y cómo se relacionan con nuestro problema. Deberíamos olvidarnos de intentar convencerlos. La realidad es más compleja. Deberíamos darnos cuenta de que, para un tema dado incluyendo la conservación de la naturaleza- habrá siempre más gente sin interés en el tema que gente interesada. Que la gente tenga diferentes puntos de vista, o puntos de vista contrarios a los nuestros, no los convierte en moralmente inferiores o en mala gente. Pueden tener puntos de vista legítimos. Por tanto, es más constructivo ver a los no interesados en los temas de conservación de la naturaleza no como enemigos, sino como grupos de interés legítimos, igual que nosotros somos conservacionistas. Para reducir el riesgo de no llegar a nuestros destinatarios y para ser realmente eficaces deberíamos verlos como agentes clave para el cambio y tratarlos de esa forma en nuestra comunicación”*

(Fritz HESSELINK. Ex-presidente de la Comisión Europea de Educación y Comunicación. UICN ).

## Documentos consultados

- AA.VV (1996): "Educación Ambiental en los espacios Naturales Protegidos" en *Seminarios Permanentes de EA en ENP*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente. Páxs.: 61-117
- AA.VV (2005): *Orientaciones para planes CECOPI en humedales españoles*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- CID, Óscar (2005): "Comunicación y Educación en espacios naturales protegidos: el caso de los humedales Ramsar españoles". Proyecto de Investigación. Universidad de Gerona. Programa Interuniversitario de Doctorado en Educación Ambiental. (Inédito)
- EUROPARC (2006): "Comunicar los beneficios de los espacios protegidos a la sociedad."
- UICN (1986): *Estrategia Mundial para la Conservación*.